

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

VOL. 12.2 / 2018



2018

Limite. Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

Revista científica de carácter anual sobre estudios portugueses y lusófonos, promovida por el Área de Filologías Gallega y Portuguesa (UEX) en colaboración con la SEEPLU.

CONSEJO DE REDACCIÓN

Director – Juan M. Carrasco González: direccion@revistalimite.es

Secretaría – María Luísa Leal / M^a Jesús Fernández García: secretaria@revistalimite.es

VOCALES

Carmen M^a Comino Fernández de Cañete (Universidad de Extremadura)

Christine Zurbach (Universidade de Évora)

Julie M. Dahl (University of Wisconsin-Madison)

Luisa Trias Folch (Universidad de Granada)

M^a da Conceição Vaz Serra Pontes Cabrita (Universidad de Extremadura)

Iolanda Ogando (Universidad de Extremadura)

Salah J. Khan (Universidad de Extremadura)

Teresa Araújo (Universidade de Lisboa)

Teresa Nascimento (Universidade da Madeira)

COMITÉ CIENTÍFICO

Ana Luísa Vilela (Universidade de Évora)

Ana Maria Martinho (Universidade Nova de Lisboa)

António Apolinário Lourenço (Universidade de Coimbra)

Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora)

Cristina Almeida Ribeiro (Universidade de Lisboa)

Dieter Messner (Universität Salzburg)

Gerardo Augusto Lorenzino (Temple University, Philadelphia)

Gilberto Mendonça Teles (Pontifícia Universidade Católica do Rio de Janeiro)

Hélio Alves (Universidade de Macau)

Isabel Leiria (Universidade de Lisboa)

Isabelle Moreels (Universidad de Extremadura)

Ivo Castro (Universidade de Lisboa)

José Augusto Cardoso Bernardes (Universidade de Coimbra)

José Camões (Universidade de Lisboa)

José Cândido Oliveira Martins (Universidade Católica Portuguesa – Braga)

José Muñoz Rivas (Universidad de Extremadura)

Maria Carlota Amaral Paixão Rosa (Universidade Federal do Rio de Janeiro)

M^a Filomena Candeias Gonçalves (Universidade de Évora)

M^a da Graça Sardinha (Universidade da Beira Interior)

M^a Graciete Besse (Université de Paris IV-La Sorbonne)

Maria Helena Araújo Carreira (Université de Paris 8)

Nuno Júdice (Universidade Nova de Lisboa)

Olga García García (Universidad de Extremadura)

Olívia Figueiredo (Universidade do Porto)

Otília Costa e Sousa (Instituto Politécnico de Lisboa)

Paulo Osório (Universidade da Beira Interior)

Xosé Henrique Costas González (Universidad de Vigo)

Xosé Manuel Dasilva (Universidad de Vigo)

EDICIÓN, SUSCRIPCIÓN E INTERCAMBIO

Servicio de Publicaciones. Universidad de Extremadura

Plz. Caldereros, 2. C.P. 10071 – Cáceres. Tfno. 927 257 041 / Fax: 927 257 046

<http://www.unex.es/publicaciones> – e-mail: publicac@unex.es

© Universidad de Extremadura y los autores. Todos los derechos reservados.

© Ilustración de la portada: Miguel Alba. Todos los derechos reservados.

Depósito legal: CC-973-09 . I.S.S.N.: 1888-4067

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

VOL.12.2 – Año 2018

Naufração e Literatura

Coordinación
José Cândido de Oliveira Martins
Maria Luísa Leal

Bases de datos y sistemas de categorización donde está incluida la revista:

ISOC y DICE (Consejo Superior de Investigaciones Científicas), Dialnet, Latindex, CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas).



Juan M. Carrasco González, director de la revista, tiene el placer de anunciar que *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* ha sido aceptada para su indexación en el Emerging Sources Citation Index, la nueva edición de Web of Science. Los contenidos de este índice están siendo evaluados por Thomson Reuters para su inclusión en Science Citation Index Expanded™, Social Sciences Citation Index®, y Arts & Humanities Citation Index®. Web of Science se diferencia de otras bases de datos por la calidad y solidez del contenido que proporciona a los investigadores, autores, editores e instituciones. La inclusión de *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* en el Emerging Sources Citation Index pone de manifiesto la dedicación que estamos llevando a cabo para proporcionar a nuestra comunidad científica con los contenidos disponibles más importantes e influyentes.

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 12.2. – 2018

Naufragio y Literatura

SUMARIO / SUMÁRIO

José Cândido de Oliveira Martins / Maria Luísa Leal – Naufração e Literatura	9-17
José Manuel Herrero Massari – Mares simbólicos, mares trágicos, mares épicos y mares lamentosos: de Gilgamesh a Mendes Pinto	19-37
Carlos Jorge Figueiredo Jorge – Um Mito do Tráfico Marítimo e das Desventuras da Ambição. <i>O Navio Fantasma, ou o Holandês Voador</i>	39-66
Kioko Koiso – Naufração de Sepúlveda: uma sequência da transformação da história no decurso das edições	67-94
Angélica Madeira – Shipwreck narratives: between History and Literature. Reflections on <i>História Trágico-Marítima</i> (Tragic-maritime History)	95-111
António Manuel de Andrade Moniz – Ecos do Tema do Naufração na Literatura Portuguesa	113-128
Isabel Soler – Un miserere para la soledad del náufrago	129-152

Testimonios / Testemunhos

Ana Margarida de Carvalho – Do meu mar vê-se a língua	155-162
Fernando Dacosta – O rumor do mar	163-166
Miguel Real – Naufrações. O lado escuro da expansão portuguesa	167-172

Varia

Raquel Alonso Parada – Mudanzas de xénero no substantivo na tradución galega da <i>General Estoria</i>	175-193
Sara Antoniazzi – “Que é feito de Jules Laforgue?” I tratti laforguiani del <i>Livro do Desassossego</i>	195-213
Ana Cristina Pereira Braz – Les stratégies discursives de l’ironie dans le débat parlementaire portugais	215-239
Augusto Lorenzino – Family ties, dwelling and mobility in the development of Barranquenho	241-258

Reseñas / Recensões

- Juan M. Carrasco González** – Dolores Corbella, Alejandro Fajardo (Eds.), *Español y portugués en contacto. Préstamos léxicos e interferencias*, Berlin/Boston, Walter de Gruyter GmbH, col. Beihefte zur Zeitschrift für romanische Philologie, 2017, 430 pp. 261-265
- Juan M. Carrasco González** – Xosé Luis Regueira, Elisa Fernández Rei (Eds.), *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2017, 326 pp. 265-270
- Stefania Chiarelli** – Angélica Madeira, *Livro dos naufrágios* – ensaio sobre a historia trágico-marítima. Brasília, Editora Universidade de Brasília, 2005, 396 pp. 270-272
- Xosé Manuel Dasilva** – Luís de Camões, *Los Lusíadas (Selección)*, Madrid, Ediciones Rialp, 2017, 109 pp. *Introducción, traducción y notas de Rafael Gómez Pérez.* 272-275
- Maria Graciete Besse** – Uma prática da *Relação: Archipelagos-Passagens*, de Amélia Muge e Michales Loukvikas, Periplus, 2018, CD- Álbum. 276-283
- Normas de publicación / Normas de publicação** 285-290

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 12.2 – 2018

Shipwreck and Literature

SUMMARY

José Cândido de Oliveira Martins / Maria Luísa Leal – Shipwreck and Literature	9-17
José Manuel Herrero Massari – Symbolic Seas, Tragic Seas, Epic Seas, and Woeful Seas: from Gilgamesh to Mendes Pinto	19-37
Carlos Jorge Figueiredo Jorge – A Myth of Maritime Traffic and the Misadventures of Ambition. The Phantom Ship or the Flying Dutchman	39-66
Kioko Koiso – Sepúlveda shipwreck: a sequence of the story changing through the editions	67-94
Angélica Madeira – Shipwreck narratives: between History and Literature. Reflections on <i>História Trágico-Marítima</i> (Tragic-maritime History)	95-111
António Manuel de Andrade Moniz – Echoes of the Shipwreck Accounts in the Portuguese Literature	113-128
Isabel Soler – A Miserere to the castaway's solitude	129-152

Reflections

Ana Margarida de Carvalho – From my sea you can see the language	155-162
Fernando Dacosta – The rumor of the sea	163-166
Miguel Real – Shipwrecks. The dark side of overseas expansion	167-172

Varia

Raquel Alonso Parada – Changes of gender in the substantive in the Galician translation of the <i>General Estoria</i>	175-193
Sara Antoniazzi – “Que é feito de Jules Laforgue?” The Laforguian traits in <i>Livro do Desassossego</i>	195-213
Ana Cristina Pereira Braz – Irony's discursive strategies in Portuguese parliamentary debate	215-239
Augusto Lorenzino – Family ties, dwelling and mobility in the development of Barranquenho	241-258

Book Reviews

- Juan M. Carrasco González** – Dolores Corbella, Alejandro Fajardo (Eds.), *Español y portugués en contacto. Préstamos léxicos e interferencias*, Berlin/Boston, Walter de Gruyter GmbH, col. Beihefte zur Zeitschrift für romanische Philologie, 2017, 430 pp. 261-265
- Juan M. Carrasco González** – Xosé Luis Regueira, Elisa Fernández Rei (Eds.), *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2017, 326 pp. 265-270
- Stefania Chiarelli** – Angélica Madeira, *Livro dos naufrágios – ensaio sobre a história trágico-marítima*. Brasília, Editora Universidade de Brasília, 2005, 396 pp. 270-272
- Xosé Manuel Dasilva** – Luís de Camões, *Los Lusíadas (Selección)*, Madrid, Ediciones Rialp, 2017, 109 pp. *Introducción, traducción y notas de Rafael Gómez Pérez.* 272-275
- Maria Graciete Besse** – Uma prática da *Relação: Archipelagos – Passagens*, de Amélia Muge e Michales Loukovikas, Peripluis, 2018, CD- Álbum. 276-283
- Standards of publication** 285-290

Mudanzas de xénero no substantivo na tradución galega da *General Estoria*

Changes of gender in the substantive in the Galician translation
of the *General Estoria*

Raquel Alonso Parada
Instituto da Lingua Galega (USC)
alondaquel@hotmail.com
Data de recepción: 09-03-2018
Data de aceptación: 20-07-2018

Resumo

Durante a Idade Media foron moitas as obras traducidas ao galego, entre elas a *General Estoria*. Neste artigo estudamos as alteracións morfolóxicas do xénero gramatical no substantivo presentes nesa obra.

Palabras clave: tradución – substantivo – xénero – *General Estoria* – galego medieval.

Abstract

During the Middle Ages, many literary works were translated into Galician language, including the *General Estoria*. In this article we will study the morphological changes in the substantive which occurred in the translation process, regarding the changes of gender.

Keywords: Translation – substantive – modification – gender – *General Estoria* – mediaeval Galician.

1. Introducción

A *General Estoria* é a tradución galega da *General Estoria* de Afonso X, conservada no manuscrito O.I.1. da Biblioteca do Escorial (ms. F) e realizada na primeira metade do século XIV.

No presente artigo analizaremos as mudanzas morfolóxicas operadas polo tradutor no traslado da versión castelán á galega da *General Estoria* no ámbito do substantivo. Este estudo insírese dentro dun proxecto amplo que pretende analizar todas as diverxencias tradutolóxicas levadas a cabo polo tradutor ou tradutores da tradución e que forma parte da tese de doutoramento *Estudo do proceso de tradución ao galego da General Estoria (séc. XIV)*.

No substantivo hai cambios que afectan aos morfemas obrigatorios, isto é, ao xénero e ao número, e mudanzas que afectan aos morfemas facultativos, sufixos e prefixos. Centraremos o noso estudo nos cambios que afectan ao xénero, tanto de feminino para masculino como á inversa.

Na táboa que segue recollemos, a modo de resumo contextualizador morfemático xeral, todos os cambios rexistrados no substantivo co correspondente número de ocorrencias:

Morfemas obrigatorios	Cambio de xénero	Feminino > masculino	8
		Masculino > feminino	9
	Cambio de número	Singular > plural	30
		Plural > singular	24
	Subtotal		71
Morfemas facultativos	Cambio de sufixo		13
	Supresión de sufixo		12
	Inclusión de sufixo		8
	Inclusión de prefixo		1
	Subtotal		34
Total			105

Táboa 1. Tipoloxía das mudanzas do xénero

Na táboa obsérvase que é o proceso de pluralización o máis relevante, expresado na mudanza de número en favor do plural (30,2%). A mudanza de sentido inverso, a singularización, tamén reviste importancia neste ámbito morfemático (plural > singular: 25%).

Nun plano secundario sitúanse as mudanzas verificadas nos constituíntes facultativos, nas que sobrancea a desufixación (12,5%), por riba do seu contrario (sufixación: 7,2%) e da resufixación (6,1%).

2. Masculinización do substantivo

2.1. *Cordera > cordeiro*

En canto ao cambio de xénero na dirección feminino > masculino, tres das oito ocorrencias documentadas representan a mudanza na mesma unidade substantival: o caso de *corderas > cordeiros*:

VI, 6:276	E cuando Abraham presentó aquel ganado a Abimelec apartó de la su grey VII <corderas>, e preguntól Abimelec por qué las apartava	Et Abráám presentou aquel gaãdo a Abymalec, apartou de sua grey sete <cordeiros> et pregontoulle Abymalec pera que os apartaua	VI, 6:224
VI, 6:276	El rey ovo de tomar las <corderas> ante los que allí estaban rogados que fuessen ende testigos	El rrey ouvo a tomar os <cordeiros> por ante os que y estauã rrogados que fossem ende testigos	VI, 6:224
VI, 6:276	E segund diz Agustín en la glosa, estas VII <corderas> quieren seer las VII mugieres de que fabla Isaías	Et segundo diz Agostiméña Glosa, estes sete <cordeiros> querem seẽr as sete molleres de que fala Ysayas	VI, 6:224

A análise da tradución galega da *General Estoria* (GEg) achéganos oito testemuños do lema CORDEIRO, sete en masculino e un en feminino. A procura dos datos correspondentes do orixinal castelán reporta 121 exemplos en masculino fronte a 13 en feminino, estes localizados na Primeira Parte. Por tanto, de momento constatamos que o emprego do masculino é máis frecuente en ambos os casos.

Non sendo os usos maioritarios das dúas obras razón que explique esta transformación, analizaremos os usos xerais desta voz nas dúas linguas durante o período medieval. Facémolo a partir dos córpora existentes, para o caso do galego o TMILG e para o castelán o CORDE.

No caso do galego comprobamos que o masculino *cordeiro* representa de forma prioritaria un substantivo, mentres que o feminino *cordeira* ten maioritariamente valor adxectivo, coa excepción dun par de exemplos, que comentaremos despois, en que representa a categoría substantival.

De *cordeiro* rexistramos 39 testemuños, dos que 21 corresponden ao emprego do substantivo. En case todos representa a especie, sen especificación de valor de sexo, sendo excepción agás algún caso en que si representa macho da especie (... de *cordeyros* castraren... FCR, VI 33/96, 1280-1290; *apud* TMILG). Tamén é obxecto de emprego como antropónimo (11 rexistros) e como topónimo (7). A continuación mostramos un par de exemplos; o primeiro corresponde a un uso antroponímico e o segundo ao topónimo:

Sabean quantos esta carta viren como eu, Fernando Yanes do Castro, clérigo, por min e por toda voz pera por senpre vendo a vos, Afonso **Cordeyro** e a vosa moller, Moor Pérez, e a toda vosa voz hua lleira que jaz aas Llamellas, entre hua de Tereiga Pérez e outra de ... (MSMDFP, 62 / 80, 1358; *apud* TMILG)

Item en terra de **Cordeiro**, friguesia de Santa Coomba de Louro, eno lugar de Moldes ha huun casal et vinnas et outras herdades et chantados ena dita friguesia que foron de Maria Affom, abbadesa que fui de Codeseda... (SXC, 1 / 82, 1419; *apud* TMILG)

Pola contra, dos seis testemuños de *cordeira* catro correspóndense co valor adxectivo (*pel cordeira*) e os outros dous presentan valor de substantivo:

asegunda he que Bersabee tanto quer mostrar ñoebrayco, segundo dizēJeronymo et mēestre Pedro, cōmo poço de sete, por que Abraã dou aly aquelas sete **cordeyras** a Abymalec em testemoyo da entrega que rreçebeo del; (XE, primeira parte, VI, 6 / 224, 1300-1330; *apud* TMILG)

El que lo vender otro tanto, sy non fuer vizino. e de carrega de pelleteria de **cordeyras** e de cabritas e das gatas e das galpinas dos soldos e medio. (FMST, 11 / 516, 1350-1425; *apud* TMILG)

No primeiro caso o mantemento do feminino pode deberse á influencia do orixinal e non a unha boa tradución, pois antes observamos que se traduce sistematicamente o feminino por un masculino, polo que supoñemos que este sería un lapso ou despiste do tradutor. No segundo exemplo tamén se trataría doutro caso de indución desde o orixinal, o foral da vila de Noia, probablemente traducido.

Da análise minuciosa de *cordeiro* no corpus do TMILG observamos que a forma masculina é moito máis común, incluso en

todas as tipoloxías textuais. Proba disto é que xa dende o século XIII aparece documentado como apelido e como nome de lugar por toda a xeografía galega. Comprobemos cal é a súa realidade onomástica na actualidade.

Da *Toponimia de Galicia* extraemos 20 topónimos que conteñen *cordeiro*; catro deles representan o plural. Na súa distribución xeográfica non parece haber valor diatópico, pois están espallados por toda a xeografía galega. Cousa distinta é o feminino, do que se rexistran sete topónimos, dous deles en plural; todo parece indicar que se trata dunha distribución de carácter dialectal, pois a súa área xeográfica restrínxese á franxa occidental (provincias da Coruña e Pontevedra). Así recolleemos formas masculinas como *A Bouza do Cordeiro* (Moaña), *A Chousa do Cordeiro* (Castro de Rei), *Fonte do Cordeiro* (Muíños) ou *O Campo dos Cordeiros* (A Lama). Non obstante, para o feminino a derivación formal é menor: *A Cordeira* (Vedra, A Laracha, Ponteceso ou Vigo) e *As Cordeiras* en A Lama (Pontevedra).

A *Cartografía dos apelidos* documenta só o masculino e en singular (1288 persoas con este apelido). A pesar de que aparecen dispersos en múltiples concellos das catro provincias, onde se rexistra unha maior concentración de persoas con este apelido é na zona do Morrazo (Pontevedra), sobre todo nos concellos de Cangas e Moaña. Hai que ter presente que o apelido *Cordeiro* pode representar o animal ou o oficio de 'cordeleiro'.

Á vista dos datos podemos dicir que na actualidade a onomástica continúa a liña imposta xa no medievo, onde o uso do masculino era a norma xeral, fronte a un feminino do que non temos testemuños. A isto habería que engadir que na actualidade xorden algúns topónimos en feminino restrinxidos á franxa occidental, pero ningún caso na vertente antroponímica.

Do emprego de CORDEIRO no galego medieval extraemos as seguintes conclusións:

- 1ª. O masculino non se rexistra como adxectivo.
- 2ª. Como substantivo, agás os exemplos de *cordeira* comentados anteriormente como probables calcos morfolóxicos do castelán, todos os casos aparecen en masculino.
- 3ª. Na conversión de voz común en onomástica, tanto antroponímica como toponímica, a expresión máis utilizada era a do masculino, sen dúbida porque a forma non marcada era o

masculino. Isto explicaría que non rexistremos ningún antropónimo en feminino na actualidade e que nas formas toponímicas sexan as femininas considerablemente inferiores en uso ás masculinas.

Por tanto, esta mudanza podémola considerar froito dunha tradución correcta, dada a inmovilización do substantivo no masculino na lingua de destino na tradución.

Agora imos ver cal era a realidade de CORDERO no español medieval, partindo do CORDE (1000-1500). Da variante masculina *cordero* documentamos 1144 rexistros. Case sempre ten un uso substantival (xénero marcado vs. valor xenérico). Mais achamos dous testemuños antroponímicos en que representa un apelido de persoa de relixión hebraica (Antonio *Cordero*, Diego *Cordero*):

[...] yo manuel garcia texedor e yo francisco garcia chiquillo e yo antonio **cordero** conversos vecinos e moradores en xerez de la frontera otorgamos e conoscemos a vos frey pedro sanches dotor freyle de la orden de predicadores de sancto doringo de aqui de xerez que estades presente por vos e por los otros confesores de la dicha orden en tal manera que por razon que seyendo nos judios vecinos e moradores en la juderia desta villa [...] (*Documentos Judíos de Jerez*, 1391, en H. S. de Soprans, Sefarad, XI [Madrid], 1951; *apud* CORDE)

Pregonose esta carta del Rey e de la Reyna nuestros señores desta otra parte escripto dende verbo a verbo en la noble çibdad de Malaga en la plaça mayor della delante de la gente que alli se hallo, por boz de diego dias pregonero publico en treynta e uno de Jullio de mill e quinientos e tres años. testigos Juan garrote escribano publico e diego **cordero** e diego del castillo e fernando de la fuente.- bernaldino de Madrid escrivano publico. (*Real cédula de los Señores Reyes Católicos* (Documentos históricos de Málaga), 1491, en Luis Morales García-Goyena, Tipografía de López Guevara (Granada), 1906-1907; *apud* CORDE]

Como no galego, non rexistramos ningún uso adxectivo do masculino, pois para expresar ese valor recórrase a un xiro preposicional (*pellejo de cordero*), que contribúe a evitar a ambigüidade categorial (*piel cordera* / *pellejo de cordero*).

En canto ao feminino, igual que acontecía en galego, achamos un número menor de rexistros en comparanza co masculino. Os datos proporcionados polo CORDE mostran 55 rexistros de *cordera*. Fundamentalmente ten un valor substantival (valor xenérico ou valor

de sexo feminino) e en máis da metade dos exemplos ten un valor xenérico, en representación da especie. Encontramos un par de exemplos en que ten valor adxectivo (*piel cordera*, 1234-1275). Por tanto, observamos para o feminino unha situación inversa á do galego medieval, en que a maioría dos casos se correspondía cun uso adxectivo fronte a un só de correspondencia de *cordeira* co valor de sexo feminino.

En paralelo co que acontece no galego actual, tamén encontramos rexistros onomásticos no castelán de hoxe. O *Nomenclator Geográfico Básico de España* recolle para o masculino 42 topónimos con *Cordero* en singular (*Loma del Cordero* en Aragón ou *Lomo del Cordero* en Canarias), fundamentalmente referidos a accidentes xeográficos, agás 8 que remiten a un *designatum* do ámbito da hidrografía. O plural descende a 27 rexistros: *Montaña de Corderos* (Canarias) ou *Barranco de Mas de Corderos* (Comunidade Valenciana), este último relacionado coa hidrografía. De por parte, os rexistros para o feminino son menores, 27 para *Cordera* (*La Cordera* en Andalucía) e 5 para o plural (*Las Corderas* en Cádiz e Asturias).

Os datos antroponímicos proporciónaos o *Mapa da difusión dos apellidos* do español. Documenta o apelido *Cordero*, en singular, por toda a xeografía española, mentres que o plural tan só se rexistra en 4 localidades pertencentes aos territorios de Extremadura, Andalucía, Comunidade Valenciana e Cataluña. Para o feminino *Cordera* o antroponimo descende notablemente, con testemuños en Asturias, Cantabria, Madrid, Cataluña, Andalucía e algúns puntos illados en Castela e León, Galicia e Extremadura. Pola contra, para o plural documéntase un maior número que para o correspondente masculino plural, cunha maior concentración en Cataluña e puntos illados do País Vasco, Madrid e Baleares.

2.2. *Mata* > *mato*

O seguinte exemplo ilustra o cambio de xénero motivado pola evolución semántica das palabras:

I, 21:30	E mandó al moço entrar a la mata a veer qué bestia o qué cosa era aquella que él allí firiera.	Et diso ao moço que entrase veer ao mato que besta ou que anymalya era aquela que el ferira.	I, 21:21
----------	---	---	----------

Na actualidade *mata* designa unha planta baixa, de pouco tamaño, pero tamén presenta valor colectivo de conxunto de matas ou matogueiras que posúe *mato*. Son valores semánticos comúns ás dúas linguas.

En orixe, tanto no galego como no castelán, *mata* tiña o valor de conxunto de árbores ou arbustos, que pasaría a ‘extensión de monte baixo que cubría o chan’ e finalmente a ‘matogueira’ (castelán *matorrañ*) (Corominas, Joan, con la colaboración de José A. Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Vol. III Editorial Gredos: Madrid; páx. 875). Por tanto, na Idade Media *mata* tiña xa ese valor colectivo que hoxe comparte con *mato*, de aí o emprego do feminino no orixinal.

Se analizamos a GEg documentamos dous testemuños de *mata* e dous de *mato*. Nunha dirección distinta, na GEc só é obxecto de uso a forma feminina.

Nas bases textuais do TMILG figuran nove testemuños de *mata* como substantivo: catro como voz común (un nas *Cantigas de Santa María*, un na *Cronica Xeral e de Castela* e dous na GEg) (Véxase Ex. 1), un caso de antropónimo (Véxase Ex. 2) e catro de topónimos (Véxase Ex. 3). Por tanto *mata* como substantivo común só está presente en obras traducidas do castelán ou influenciadas por esta lingua. Ao par tamén se documenta en usos onomásticos.

Ex. 1 Cōmo o arçipreste achou o conde Fernan Gonçalvez et a jnfante dona Sãcha ãna **mata** hu iaziã [...] (TC, 87/134, 1295-1312; *apud* TMILG).

Ex. 2 [...] Johán Beeytez e Vermún Pereø da **Mata**; (MSXC, 271/353, 1252; *apud* TMILG).

Ex. 3 [...] dessí á fonte que stá ena carreyra que uen da **Mata** e por cima das viñas de Johán Martiz e de Domingo Martiz dos Aluaredos, [...] (VFD, 25/37, 1279; *apud* TMILG)

Pola contra atopamos un maior número de casos de *mato* como substantivo no galego: 14 refírense á voz común definida ao inicio desta mudanza, e as restantes ao ámbito da onomástica (12 apelidos e 136 topónimos).

Para estas formas tamén son de interese os datos que nos proporciona a onomástica. Na vertente toponímica a forma *Mato* estaba espallada polas provincias da Coruña, Lugo e Ourense na época medieval, á luz dos datos extraídos do TMILG. Para *Mata* só

documentamos catro exemplos (Lourenzá-L, Trasancos-L, Maceda-Ou e Baiona-P). Se contrastamos estes datos coa situación actual encontrámonos de novo con que segue tendo unha maior presenza o masculino que o feminino. O masculino intervén en 449 topónimos espallados por toda a xeografía galega; isto mesmo ocorre co feminino pero nunha porcentaxe moito menor, 124¹.

No tocante á antroponimia o apelido *Mato* tiña no medioevo representación nas provincias de Lugo e Ourense, mentres que de *Mata* non rexistramos ningún testemuño.

Na actualidade o apelido *Mato* concéntrase sobre todo na área bergantiñá, nos concellos do sur da Coruña e nos do norte de Pontevedra. É apelido que se rexistra tamén na súa forma do plural, *Matos*, nunha franxa que coincide coa establecida para o singular, só que en menor proporción (1123 vs. 5709). Para *Mata* diminúen os rexistros en relación co masculino, 1143, pero tamén se reduce a franxa, pois todos se concentran na provincia da Coruña (área bergantiñá e arredores do concello de Santiago) agás dez que se documentan no concello ourensán de A Veiga. Para o feminino tamén encontramos 11 testemuños en plural no concello da Coruña².

Como podemos observar á vista dos datos ofrecidos pola onomástica, o masculino é a forma máis frecuente fronte ao feminino no galego medieval, o que apoia a hipótese de que o masculino era a forma marcadamente preferenciada no galego medieval, precisamente poida ser esta a causa de que non documentamos antropónimos femininos.

No tocante a *mata* en castelán, rexistramos 123 casos en que o seu uso responde a un substantivo; deles documentamos un exemplo como topónimo (Ex. 4) mentres que no masculino non rexistramos ningún testemuño de *mato* como substantivo (só como forma verbal):

Ex. 4. Et fallanla siempre en forma redonda. Arenosa es & de color uerde que tira a cardeno. Clara es & luzient de manera que la passa el uiso. & fallanla en la ysla a que dizen **mata** en la ribera de la mar embuelta en el arena. & allumbra de noch en derredor de si. (Alfonso X (c. 1250): *Lapidario*, en Pedro Sánchez-Prieto Borja,

¹ Os datos referidos aos topónimos actuais están extraídos do recurso *Toponimia de Galicia*.

² Os datos antroponímicos actuais foron extraídos da *Cartografía dos apelidos de Galicia*.

Universidad de Alcalá de Henares [Alcalá de Henares], 2003; *apud* CORDE)

En definitiva, en galego emprégase o masculino e en castelán o feminino, de aí que se faga traslado automático do feminino ao masculino. É, pois, como no caso de *cordeiro*, unha mudanza esixida por unha praxe tradutiva realizada no marco da corrección lingüística, pois para este substantivo cada lingua fixou historicamente valores morfolóxicos de xénero contrarios.

No seguinte exemplo daremos conta de como a masculinización tamén afectou aos nomes propios, concretamente a un nome de lugar.

2.3. *Egypta* > *Egypto*

<p>II, 23:80</p>	<p>e cogen estos tres braços entre sí a amas las <Egiptas></p>	<p>et collem estes tres braços ontresy ambos los <Egiptos></p>	<p>II, 23:63</p>
------------------	--	--	------------------

Do resultado da análise dos cörpera medievais para as dúas linguas obtivemos os seguintes resultados. Para o caso do galego *Egipto* rexistrouse en 32 exemplos, dos cales 27 pertencen a GEg. Pola contra, o plural *Egiptos* só se documenta en dous exemplos extraídos desa mesma obra. Do feminino non atopamos ningún testemuño, nin en singular nin en plural.

No castelán, para o masculino singular o CORDE rexistra 3807 exemplos, dos que 1476 pertencen a GEc, e para o plural 18, dos cales 5 pertencen a GEc. Pola contra, para o feminino só hai tres testemuños en plural, pertencentes tamén a GEc.

Por tanto, á vista dos datos expostos esta mudanza viría de novo esixida pola praxe tradutiva realizada no marco da corrección lingüística, pois para este nome propio empregábase no galego o masculino, mentres que no castelán este uso era compartido co feminino, aínda que nunhas proporcións de frecuencia claramente decantadas a favor do masculino.

No exemplo que se presenta a continuación a masculinización ten que ver con que na nosa lingua ese substantivo se empregaba no masculino, mentres que para o castelán había dualidade de xénero, sobre todo no plural.

2.4. *Dicha* > *dito*

II, 26:85	E dezimos nós aquí a esto, assí como lo departen los espondeores, e tenemos que es guisado e razón, que por muchas palabras e < dichas > en muchos logares en el Génesis e en otros libros e escritos que son fechos sobr'esto se entiene assaz que fizo Noé a Sem andados quinientos años de cuando él naciera, e a Cam e a Jafet dend fasta'l diluvio, e que Sem fue el mayor e el primero fijo, e Cam el mediano, e Jafet el menor;	Et dizēmos nos aquí aesto oque departē os espoedores et téemos que he [guisado] et rrazō que por moytas palauras et < ditos > em moytos lugares, ño Genesis, et em outros libros et escritos que som feytos sobresto, se entende asaz que fezo Noe aSem andados quinientos ānos de quando el nasçera, et aCam et ajafet des aly ata odeluvio, et que Sem foy oprimeyro et mayor fillo, et Cam omediano, et Jafet o menor.	II, 26:68
-----------	---	--	-----------

O valor deste substantivo neste contexto é o de 'aquilo que se falou anteriormente'.

Se analizamos o estado do galego no medievo encontramos que un 0.5³% da forma *dito* designa o substantivo (Ex. 1) , no plural descende a 0.3⁴% (Ex.2) e para o feminino non documentamos ningunha forma con valor substantival, tal e como demostran os datos extraídos do TMILG.

Ex. 1 Iten o dito et deposiçion do dito Alonso Yanes de Vale non proua cosa algua por lo susodito et non da causa de seu **dito** et es syngular en el et fala de oyda. (CDMACM, 187b / 356; *apud* TMILG)

Ex. 2 Et elles nõ falarõ em seus **ditos** senõ de grandes omēs, quer fossem de mãos costumes, quer de bõos, aquelas [dõnas] ou donzelas em quẽ elles quiserõ poer seus enxemplos encubertos; asi cõmo era Dampne, aquẽ amou Febo, deus do sol, asi cõmo sabedor das naturas do sol, quea chamarõ filla de Peneo, aquẽ elles chamauã rrey et deus. (XE, VI, 27 / 259, 1300-1330; *apud* TMILG)

³ A porcentaxe corresponde ao escrutinio de 700 formas dun total de 517234 rexistradas no TMILG.

⁴ A porcentaxe corresponde ao escrutinio de 700 formas dun total de 5992 rexistradas no TMILG.

No castelán atopamos que o 0.1⁵% das formas de *dicho* designan o substantivo (Ex. 3), porcentaxe que ascende ao 50⁶% no plural (Ex.4), mentres que para o feminino só atopamos eses valores substantivais no plural nunha porcentaxe do 0.5%.⁷ Cómpre salientar que a maioría dos usos pertencen a obras historiográficas.

Ex. 3 E el rey con muy grand pesar que tenié en su corazón del **dicho** quel dixieran los estrelleros e grand saña de las señales que veyé ende en Abraham quiso saber aun más de su fecho, e envió por su padre e por su madre e sos hermanos. [Alfonso X (1275): *General Estoria. Primera parte* en Pedro Sánchez Prieto-Borja, Universidad de Alcalá de Henares (Alcalá de Henares), 2002; *apud* CORDE]

Ex. 4 Ca en los **dichos** de los sabios siempre aprende omne algo. [Alfonso X (1280): *General Estoria. Cuarta parte* en Pedro Sánchez Prieto-Borja, Universidad de Alcalá de Henares (Alcalá de Henares), 2002; *apud* CORDE]

En definitiva, observamos novamente como a masculinización do substantivo se debe á inmovilización do susbtantivo en masculino, igual que acontecía con *cordeiras* > *cordeiros*. Posiblemente esta inmovilización é tamén o factor que explica a mudanza de xénero no seguinte exemplo.

2.5. *Pelleja* > *pelello*

VII, 2:331	E diz que sobre la cama d'aquellas < pellejas > que esparzió de las fojas e de los ramos d'un árbol a que llamavan agnoscasto	Et diz que sobre la cama daqueles < pelellos > que deytou follas, et ramos de hũa aruore aque chamauã agnocasto	VII, 2:271
---------------	--	--	---------------

Este substantivo designa a pel dun animal. Veremos agora que datos medievais nos proporcionan os córpora acerca deles. Para o caso do galego só rexistramos cinco testemuños, todos en plural, tres para o masculino e dous para o feminino. Todos pertencen a GEg. Por

⁵ A porcentaxe corresponde ao escrutinio de 700 formas dun total de 115899 rexistradas no CORDE.

⁶ A porcentaxe corresponde ao escrutinio de 700 formas dun total de 41348 rexistradas no CORDE.

⁷ A porcentaxe corresponde ao escrutinio de 700 formas dun total de 19648 rexistradas no CORDE.

tanto, con estes poucos exemplos non podemos facer ningunha afirmación con certeza, apenas algunha conxectura. O feito de que se documente un caso máis para o masculino pode ser indicio de que a forma que se empregaba no galego era a masculina e, por tanto, de que os casos de feminino sexan calcos do castelán. Esta parécenos a hipótese máis probable á vista dos argumentos expostos para os outros exemplos, en que as mudanzas son traducións correctas motivadas pola deriva propia da nosa lingua no medievo.

No caso do castelán o masculino singular *pellejo* rexístrase en 59 casos, o plural *pellejos* en 76. No feminino singular 61 e no plural 44. Por tanto, neste substantivo no castelán conviven os dous xéneros, sendo o masculino a forma máis antiga (NTLLE).

Finalmente, este último cambio viría motivado pola escolla do tradutor, pois no medievo este substantivo presentaba dualidade de xénero.

2.6. *Décimas* > *décimos*

VII, 12:347	e ofrecer le é yo aquí las <décimas> de todas aquellas cosas que me diere	et ofereçer lle ey aqui os <dezimos> de todas aquellas cosas que me el der	VII. 12:285
-------------	---	--	-------------

Ambos os vocábulos refírense á obriga de pagarlle á Igrexa ou ao monarca a décima parte da colleita.

Da análise dos cörpera obtivemos os seguintes resultados. Para o caso do galego para o masculino singular rexistramos 3 casos, para o masculino plural 8 exemplos. Do feminino singular documentamos 4 exemplos e no plural só dous exemplos. Por tanto, á vista dos resultados obtidos observamos que no medievo había dualidade de xénero para este substantivo.

Os datos ofrecidos polo CORDE indican que no castelán o xénero máis común era o feminino. Así para o feminino singular contabilizamos 6 exemplos e ningún para o masculino, pois a forma empregada no masculino é o substantivo *diezmo* (1177 exemplos), que por outra parte é a forma actual do castelán. En canto ao plural, para o feminino rexistramos 27 exemplos fronte a dous no masculino.

De todo o exposto concluímos que a mudanza neste caso viría da man do tradutor, pois ambas as linguas presentaban dualidade

xenérica, con resultados parellos no caso do galego, e con preponderancia do feminino para o castelán.

3. Feminización do substantivo

Neste epígrafe deterémonos naqueles substantivos que na traslación ao galego mudaron o xénero para un feminino.

3.1. *Los butres* > *as boyteres*

A mudanza de masculino a feminino constatámola en 10 ocasións (*vid. Táboa supra*). Desas nove, cinco remiten á feminización do xénero do *voitre*: '(los) butres' > 'as boyteres':

VI, 17:298	E entró Nemprot en el arca, e desí ataron otrossí aquellas cuerdas a los cuatro pies de <los butres> a cada úno la suya	et entrou Néprot eña arca et desi atarō aquelas cordas aos quatro pees d<as boyteres>, a cada hū a sua	VI, 17:243
VI, 17:298	E <los buetres>, con grand sabor que avién de alcançar la carne que veyén sobre sí, alçaron tanto el arca que queriēn ya llegar al cerco de la Luna	et <as boyteres> com grande sabor que aviam de alcançar a carne que viam sobre sy, alçarō tanto a arca que queriam ja chegar ao çirco da luna	VI, 17:243
VI, 17:298	E con miedo de la muerte tomó aquellos espetales de la carne, e baxólos ayuso so los <butres>	Et cō medo da morte tomou aquelas espetadas [da] carne et bayxoas ajuso su as <boyteres>	VI, 17:243
VI, 17:298	e fizo tomar cuatro <butres> e dietarlos fasta que oviessen grand sabor de comer	et fezo tomar quatro <boyteres> viuas, et mandou que as deytassem em lugar onde nō comessem ata que ouvessem grande fame	VI, 17:243
VI, 17:298	e se le non guisó, que querié sobir allá por esta maestría del arca e de <los butres>	et despoys que se lle nō guysou de a torre acabar, pensou de ala sobir por esta arte da arca et <das boyteres>	VI, 17:243

Nun primeiro momento non achamos ningunha razón que explicase ou xustificase este cambio de xénero, pois tanto o valor de neutro na súa orixe latina (VŪLTUR, VŪLTŪRIS) como o de masculino do galego actual (*voitre*) apuntan inequivocamente ao masculino; e só

documentáramos o xénero feminino nestes cinco exemplos da GEg, o que nos levou a pensar que podería tratarse dun erro do tradutor ou copista. Porén, tras consultar os datos ofrecidos polo TMILG constatamos a presenza doutro exemplo en que *buyteres* presenta xénero feminino (Ex.1), pero tamén outros tres onde non hai constancia de xénero pola concordancia (*uóyteres, buyteres*) (Ex.2):

Ex. 1 Et dou lles mortes moytas de moytas maneyras desi tomou sua madre, següdo que lle era mädado dos dioses et cõ suas mãos lle tallou as tetas. || Et [mädo] arrastrar et lançar fora [per] los muros en vn valado du a comesen os caes et **as buyteres**. || Ca nõ quiso que outra sepultura ouvese. (HT, 407 / 348, 1350-1400; *apud* TMILG)

Ex. 2 Cõmo Agamenõ enviou [pedir] o corpo de Achilles Sabede que era voõtade de Paris de deytar o corpo de Achilles a caes et a **buyteres** et a coruos, por tal que nõ ouvese sepultura ca sobejamēte lle quería mal et nõ fazia sen rrazõ et os de Troya vierõ veer cõmo jazia despedaçado et faziã sobr el tam grãde alegria et plazer que o nõ poderiã contar ca coydauã que poys el era morto, que os gregos por nēgüa maneyra ja lles nõ podiã enpeeçer Et todos andauã [tã] ledos que mays nõ podia seer. (HT, 314 / 283, 1350-1400; *apud* TMILG)

Nos Foros de Castelo Rodrigo tamén achamos unha forma *boitron*, tamén sen constancia de xénero expreso pola concordancia, mais a desinencia indícanos que só pode ser masculino.

Recorrendo á onomástica, só encontramos o apelido *Buitorón* na área de Fisterra. Pola contra, a pesquisa na *Toponimia de Galicia* resultou máis satisfactoria. Dos poucos topónimos en que aparece o termo VOITRE (11), baixo as variantes *buitres, butre(s)* e *voitre*, sete presentan xénero feminino (*Pena das Buitres, A Pena das Butres, A Fonte da Butre, Fonte da Butre*) e están situados nos concellos lucenses de A Pontenova e Ribeira de Piquín. Tres presentan xénero masculino, dous nos concellos lugueses de Castro de Rei (*O Pico do Voitre*) e Foz (*Pena do Voitre*) e outro no concello coruñés de Brión (*A pedra do Butre*); e un sen indicación de xénero (*O Curuto de Cagabutre*) en Moaña. Observamos, por tanto, unha maior presenza do feminino nas pervivencias toponímicas.

Á dualidade de xénero nos usos onomásticos deste substantivo coincide cos usos ordinarios que se comprobán nos datos ofrecidos polo *Atlas Lingüístico Galego* tocantes a esta voz⁸. Atopamos que en

⁸ Pregunta número 30 do cuestionario empregado para facer as pesquisas. Páx. 7

Ourol, O Valadouro, Muras, Trabada, Baleira, Meira e Bóveda (todos na provincia de Lugo) e en Coaña e Pesoz (Asturias) *voitre* presenta xénero feminino, mentres que en Cedeira, As Pontes de García Rodríguez, A Laracha, Sada, Aranga (na provincia da Coruña), Viveiro, Mondoñedo, Vilalba, Cospeito, Guitiriz, Baralla, A Pobra do Brollón (na provincia de Lugo), San Amaro, Baños de Molgas, Vilardevós (na provincia de Ourense), Agolada, Lalín e A Lama (na provincia de Pontevedra) presenta xénero masculino.

Á vista dos datos anteriores, especificamente os de época antiga, podemos afirmar que no galego medieval *voitre* tiña xénero feminino nas tres obras da mesma empresa editorial (*Xeral Estoria*, *Crónica Troiana* e *Historia Troina*) e que, contrariamente, no castelán medieval *buitre* presentaba xénero masculino. Por tanto, a mudanza sistemática de masculino a feminino na tradución deste substantivo non era un erro senón un dialectalismo do tradutor á vista dos datos proporcionados polo ALGa, onde o feminino ocupa a parte nororiental, mais seguramente na Idade Media abranguíña unha zona máis ampla, a metade septentrional de Galicia, chegando ao Atlántico.

No seguinte exemplo mostramos como a feminización implica un descenso xerárquico de semas, a especie fronte a variación de sexo.

3.2. *Omne* > *moller*

Noutros casos o cambio de xénero débese a unha especificación do referente. Aínda que son dous os casos, trataríase do mesmo exemplo, pois refírense aos mesmos substantivos:

VI, 25:314	E tiráronsele las sedas e los cabellos del cuerpo dond las non devié aver seyendo en natura de <omne>	et tyraröselle as sedas et os cabellos de todo o corpo donde os nõ deuya a aver seendo em natura de <moller>	VI, 25:257
VI, 25:314	E pues que ovo dos pies como <omne>, assí como devié, e non más, alçóse en ellos	Et despoys que ouvo dous pēēs cōmo <moller>, et nõ mays, alçouse em elles	VI, 25:258

Temos a mudanza de *omne*, termo xeral que designa tanto a varóns como a mulleres, a *moller*. Recordemos que ío fora

transformada en vaca e despois dun tempo volve recuperar a súa figura de muller. Por tanto, na versión castelá móstrase como Ío pasa de animal (vaca) a humano, mentres que na versión galega se especifica a categoría humano (muller). En conclusión, prodúcese un descenso na xerarquía de semas desde a especie (animal > humano) á variación de sexo (home/muller).

Fronte a estas mudanzas de masculinización ou feminización operativas no ámbito do substantivo na súa tradución ao galego, chama a atención a conservación desinencial feminina dun substantivo propio, é o caso de *Ródano* > *Rodana*.

4. Curiosidades desinenciais: *el Ródano* > *o Rodana*

V, 15:229	mays pero ante beueo os vossos rrios ao <Rrodana> et ao Paco ante que bebesse o Njlo da sua fonte, ou quea soubesse	mas però ante bevió los vuestros ríos al <Ródano> e a Pado que bebiesse el Nilo de la su fuente, fscas que la sopiesse	V, 15:187
-----------	---	--	-----------

A terminación que presenta a versión castelán é masculina, fronte á galega, que é feminina, pero repárese en que en ambas as linguas o xénero é masculino. Non podemos ofrecer unha explicación precisa desta desinencia feminina no galego, pois dos datos extraídos no TMILG obtivemos cadanseu exemplo para ambos os xéneros:

En la era de LXXVIII, Pilato foe tollido de todo o que tina, e botouno da terra de Judea o ãperador Tiberio, e mãdol-lo ir a Leõ de Frãcia sobre do rrio **Rodano** donde era nacido, que hy morase, e avergõçado e mezquino. (HddS, III, 2 / 46, 1625-1637; *apud* CGPA)

Pola contra, para o castelán contabilizamos sete exemplos en masculino e ningún en feminino.

Por tanto, a terminación esperada para este río sería o masculino, igual ca no castelán. Non obstante, o tradutor mantivo a desinencia feminina doutras linguas europeas (francés *Rhône*; occitano *Ròse* e alemán *Rhone*).

5. Conclusión

Polas pesquisas que levamos feitas sobre o proceso e as técnicas de tradución galega da *General Estoria*, podemos afirmar que o

responsable ou responsables dela tiñan pleno dominio idiomático da lingua de Galicia. Proba disto é que as mudanzas de xénero expostas veñen xustificadas pola praxe tradutiva en termos de corrección para os exemplos que comentamos de *corderas* > *cordeyros*, *dichas* > *ditos*, *pellejas* > *pelellos* ou *os butres* > *as boyteres*. Noutros como en *mata* > *mato* viría motivada pola corrección lingüística; e para *décimas* > *dezimos* a escolla do xénero deberíase á vontade do tradutor.

6. Bibliografía

- ALGa* = García, Constantino / Antón Santamarina (drs.) (1990-): *Atlas Lingüístico Galego*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega].
- Boullón Agrelo, Ana / Xulio Sousa Fernández (dir.) (2017): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. (<http://ilg.usc.es/cag/>) [data de consulta: 7/11/2017].
- CGPA = Xavier Varela Barreiro (dir.). (2015-) *Corpus Galego Portuges-Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [data de consulta: 7/11/2017].
- CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [14/11/2017]
- Corominas, Joan, con la colaboración de José A. Pascual (1980): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Vol. III Editorial Gredos: Madrid.
- Mapa de apellidos de España* (<http://www.mapadeapellidos.eu/>) [data de consulta: 6/11/2017].
- Martínez López (1963): Ramón Martínez López (ed.), *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.1. del Escorial. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario*, Oviedo: Universidad (Publicaciones de Archivum); corregida y actualizada por Ramón Lorenzo y Xosé Luís Couceiro, "Correccións á edición da General Estoria de Ramón Martínez López (I)", en Rosario Álvarez Blanco e Dolores Vilavedra (ed.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Universidade, 1999, vol.1, p. 595-627; id.; "Correccións á edición da General Estoria de Ramón Martínez López (II)", en José María Viña Liste (ed.), *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, Santiago de Compostela: Universidade, 1999, vol. 2, pp. 209-33.

Nomenclator Geográfico Básico de España.
(<http://www.ign.es/ngbe/Gazetteer.html>) [data de consulta:
6/11/2017].

RILG = VVAA: *Recursos integrados da lingua galega.*
(<http://sli.uvigo.es/RILG/>

Sánchez-Prieto Borja (2009): Pedro Sánchez-Prieto Borja (ed.),
Alfonso X el Sabio. General Estoria. Primera Parte, Biblioteca
Castro, Fundación José Antonio de Castro, Madrid, 2 vols.

TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.): (2004) *Tesouro Medieval
Informatizado da Lingua Galega.* Santiago de Compostela:
Instituto da Lingua Galega. (<http://ilg.usc.es/tmilg/>) [data de
consulta: 14/11/2017].

Toponimia de Galicia, Xunta de Galicia,
(<http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>) [data de consulta:
7/11/2017].